

# RETOS DE LÓXICA-MATEMÁTICA

## RETO DE MEDIR



Para este primer reto necesitarás :

- un utensilio para medir ( metro de costura, cinta métrica, regla grande...)

- buscar 4 obxectos que teñas na casa e medilos

(Para os de 3 anos mellor que sexan cousas máis pequenas para que recoñezan mellor os números e para os de 4 e 5 xa poderían ser cousas máis grandes)

-un papel para apuntar o que mide cada obxecto

Unha vez que teñas as medidas de todos os obxectos, serás capaz de debuxalos ordenándoos de maior a menor ou de menor a maior?

VEÑA, A MEDIR, QUE SEGURO QUE O CONSEGUIDES!

## RETO DO PAPEL HIXIÉNICO



Non podía faltar un reto cun recurso tan de moda, así que :

O reto consiste en facer unha torre máis alta que vos, seredes capaces?

A medida que a vas facendo podes contar cantos rolos necesitas para que sexa tan alta como ti e cantos rolos eres capaz de colocar nesa torre tan alta que fixeches.




CON COIDADIÑO, PARA CONSEGUIR QUE A TORRE NON CAIA!

## RETO DE SIMETRÍAS

Para facer o reto de simetría necesitas varios materiais pero coa condición de que tedes que ter, polo menos, dous iguais . Pódelo facer con: construcións, pezas de madeira, paños de cores, cubertos de plástico, animais....

O primeiro sería facer unha composición como queirades (ou que a faga un adulto) e despois a partir dunha raia que marque o medio (pode ser pintada, pegada ou ben unha corda ou lazo) intentar facer a outra parte gardando a correspondencia de posición e forma.

A continuación deixámosvos algúns exemplos para ver como sería:



A dificultade irá en función da idade, para os de 3 máis sinxela e ir aumentando a dificultade con máis materiais para os de 4 e 5 anos.

SEGURO QUE O FACEDES XENIAL!

## RETO DOS NÚMEROS TOLOS



Para o reto dos números necesitaredes:

- Números ( que igual xa tedes de actividades anteriores e se non podeades imprimir os que están ao final deste documento ou facer uns en papel )
- Cronómetro ou reloxo de area

Os números están tolos, mesturáronse todos e non saben en que lugar teñen que ir , podes axudarlles para que volvan a estar en orden?

Seguro que ti sí que coñeces ben a recta numérica, pero ollo, que o tes que facer antes de que se acabe o tempo!

A dificultade según as idades será a seguinte:

- .3 ANOS: os números do 0 ao 10 e de tempo 1 minuto
- .4 ANOS: os números do 1 ao 20 e de tempo 2 minutos
- .5 ANOS: os números do 1 ao 30 e de tempo 3 minutos

Se vedes que lle sobra moito tempo podeades facer unha segunda ronda adaptando o tempo por exemplo á metade.

**A PENSAR RAPIDIÑO!**

# 3 ANOS

0	1	2
3	4	5
6	7	8
9	10	

# 4 ANOS

1

2

3

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20



# 5 ANOS

